



RECURSOS PARA A DOCENCIA

---

# Guía para importar contidos entre aulas virtuais

# Índice

<b>Índice</b> .....	<b>2</b>
<b>Introducción</b> .....	<b>3</b>
<b>Proceso de importación de contidos</b> .....	<b>4</b>
<b>Activación das aulas para o alumnado</b> .....	<b>10</b>
<b>Preguntas frecuentes</b> .....	<b>11</b>

# Guía para importar contidos entre aulas virtuais

## Introdución

O Campus Virtual da Universidade de Santiago de Compostela nace como unha aposta para enriquecer a experiencia educativa e favorecer a innovación na educación universitaria. Con este propósito, o Campus Virtual pretende poñer en liña os recursos educativos da USC, complementando así o seu modelo de ensinanza presencial con actividades virtuais.

A USC ofrece aos docentes o acceso ao Campus Virtual do ano académico en curso e os anteriores. Deste xeito pode consultarse calquera dato e recuperar os materiais didácticos de ser preciso. Todos os contidos poden migrarse de forma rápida e sinxela entre as aulas, mantendo a compatibilidade e a integridade dos datos.

O acceso ás aulas dos diferentes anos académicos realizarase desde a mesma plataforma. Isto simplifica en gran medida o proceso de traslado dos materiais didácticos entre as aulas de cada curso académico, tal e como detalla esta guía.


# Proceso de importación de contidos

A continuación amósase un exemplo paso a paso para trasladar os contidos dunha aula dun curso pasado a unha aula do curso actual.

En primeiro lugar debe accederse ao Campus Virtual:

<https://cv.usc.es>

Unha vez dentro, **accederese á aula virtual da materia do curso destino (1)**. Veremos que a aula non ten ningún material docente. No menú superior do curso > Máis > Reutilizar o curso”.



The screenshot shows the USC Campus Virtual interface. The main content area displays the course "Materia Ficticia [G123456] [2023/2024]". The "Máis" menu is open, showing options: Banco de preguntas, Banco de contidos, Filtros, Desmatricularme de Materia Ficticia [G123456] [2023/2024], Accessibility toolkit, Recycle bin, and Reutilizar o curso. A red arrow points to the "Máis" menu, and another red arrow points to the "Reutilizar o curso" option. The interface also includes a sidebar with navigation options (Inicio, Taboleiro, Os meus cursos, Administración do sitio) and a calendar widget for July 2023.

Os pasos a realizar para a importación dos contidos están configurados por defecto polo que apenas se require intervención para completar o proceso.

En primeiro lugar debe indicarse a aula de orixe que contén os contidos que se desexen trasladar. Empregarase o **buscador (1)** para atopar a aula indicando o nome ou, preferentemente, o **código da materia**. Tras a busca, **seleccionarase a aula no listado (2)**. **Deberase prestar especial atención a seleccionar correctamente a aula orixe desde onde se desexan importar os contidos**. Tras pulsar **Continuar (3)** aparecerá á seguinte pantalla.

USC  
Inicio Taboleiro Os meus cursos Administración do sitio

Modo de edición

## Materia Ficticia [G123456] [2023/2024]

Curso Axustes Participantes Cualificacións Informes Máis

Importar

1. Selección de cursos > 2. Axustes iniciais > 3. Axustes do esquema > 4. Confirmación e revisión > 5. Facer a importación > 6. Completa

### Buscar un curso dende o que importar datos:

Seleccione un curso Total de cursos: 6

Nome abreviado do curso	Nome completo do curso
<input type="radio"/> Materia Ficticia [G123456] [2023/2024]	Materia Ficticia [G123456] [2023/2024]
(2) <input checked="" type="radio"/> Materia Híbrida [G123456] [2022/2023]	Materia Híbrida [G123456] [2022/2023]
<input type="radio"/> Materia Ficticia [G123456] [2022/2023]	Materia Ficticia [G123456] [2022/2023]
<input type="radio"/> Materia Ficticia [G123456] [2021/2022]	Materia Ficticia [G123456] [2021/2022]
<input type="radio"/> Materia Ficticia [G123456] [2020/2021]	Materia Ficticia [G123456] [2020/2021]
<input type="radio"/> Materia Ficticia [G123456] [2019/2020]	Materia Ficticia [G123456] [2019/2020]

(1)

(3)

A próxima pantalla amosa o tipo de contidos a importar. Pulsamos sobre **Seguinte**.

The screenshot shows the 'Axustes da importación' (Import Settings) page in the USC system. The page is titled 'Axustes da importación' and features a progress bar at the top with six steps: 1. Selección de cursos, 2. Axustes iniciais, 3. Axustes do esquema, 4. Confirmación e revisión, 5. Facer a importación, and 6. Completa. The second step, 'Axustes iniciais', is currently active. Below the progress bar, there is a list of import options, each with a checkbox. A red vertical box highlights the checkboxes for 'Incluir as actividades e recursos', 'Incluir os bloques', 'Incluir os ficheiros', 'Incluir os filtros', 'Incluir os eventos do calendario', 'Incluir o banco de preguntas', 'Incluir os grupos e agrupamentos', 'Incluir campos personalizados', 'Incluir contido do banco de contido', and 'Incluir os ficheiros de cursos antigos'. At the bottom of the page, there are three buttons: 'Saltar ao último paso', 'Cancelar', and 'Seguinte'. The 'Seguinte' button is highlighted with a red border. The USC logo is visible in the top left corner, and the user's name 'Os meus cursos' is in the top right corner.

USC

Inicio Taboleiro Os meus cursos

Curso Axustes Participantes Cualificacións Informes Máis

Importar

1. Selección de cursos ▶ 2. Axustes iniciais ▶ 3. Axustes do esquema ▶ 4. Confirmación e revisión ▶ 5. Facer a importación ▶ 6. Completa

### Axustes da importación

- Incluir as anulacións de permisos
- Incluir as actividades e recursos
- Incluir os bloques
- Incluir os ficheiros
- Incluir os filtros
- Incluir os eventos do calendario
- Incluir o banco de preguntas
- Incluir os grupos e agrupamentos
- Incluir campos personalizados
- Incluir contido do banco de contido
- Incluir os ficheiros de cursos antigos

Saltar ao último paso Cancelar Seguinte

A continuación **marcaranse os contidos específicos que se desexa importar. Recomendase desactivar o foro de “Anuncios”** ( “Foro de novas”, “Novedades” ou similar) para evitar duplicalo pois as novas aulas xa o inclúen por defecto. Para continuar, pulsarase no botón **Seguiente**.

Curso Axustes Participantes Cualificacións Informes Más ▾

Importar

1. Selección de cursos ▶ 2. Axustes iniciais ▶ 3. Axustes do esquema ▶ 4. Confirmación e revisión ▶ 5. Facer a importación ▶ 6. Completa

**Incluir:**

Seleccionar  
Todo / Ningún (Amosar as opcións de tipos)

Xeral

Anuncios

Tema 1

Libro

Documentación

Presentación

Documentación adicional

Tarefa

Tema 2

Documentación

Presentación

Titorías

Tema 3

Tema 4

Anterior Cancelar **Seguiente** ?

Na pantalla á que accedemos atopamos un resumo dos elementos a importar. Se todo é correcto pulsarase no botón **Facer a importación**. En caso contrario, no botón “Anterior”.

USC Inicio Taboleiro Os meus cursos Administración do sitio Modo de edición

### Materia Ficticia [G123456] [2023/2024]

Curso Axustes Participantes Cualificacións Informes Máis

Importar

1. Selección de cursos ▶ 2. Axustes iniciais ▶ 3. Axustes do esquema ▶ 4. **Confirmación e revisión** ▶ 5. Facer a importación ▶ 6. Completa

#### Axustes da importación

Incluir as anulacións de permisos	✗
Incluir as actividades e recursos	✓
Incluir os bloques	✓
Incluir os ficheiros	✓
Incluir os filtros	✓
Incluir os eventos do calendario	✓
Incluir o banco de preguntas	✓
Incluir os grupos e agrupamentos	✓
Incluir campos personalizados	✓
Incluir contido do banco de contido	✓
Incluir os ficheiros de cursos antigos	✓

#### Elementos incluídos:

<b>Xeral</b>	✓
Anuncios	✗
<b>Tema 1</b>	✓
Libro	✓
Documentación	✓
Presentación	✓
Documentación adicional	✓
Tarefa	✓
<b>Tema 2</b>	✓
Documentación	✓
Presentación	✓
Titorías	✓
<b>Tema 3</b>	✓
<b>Tema 4</b>	✓

[Anterior](#) [Cancelar](#) [Facer a Importación](#)


Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con ❗



Tras un intre, dependendo da cantidade de materiais da aula, aparecerá unha mensaxe indicando que a importación foi realizada correctamente. Pulse en **Continuar**.



Finalmente verificarase que contidos da aula foron importados correctamente na aula destino.



# Activación das aulas para o alumnado

Por defecto, todas **as aulas están ocultas para o alumnado**. Deben facerse visibles no momento en que se desexe que teñan acceso aos contidos. Para facelas visibles é necesario acceder á aula correspondente, no menú do curso > Axustes > "Visibilidade do curso" e modificar a opción "Agochar por Amosar" > Gardar e presentar.

Curso 2023/2024 / Grao

## Materia Ficticia [G123456] [2023/2024]

Curso **Axustes** (1) Participantes Cualificacións Informes Máis ▾

### Editar os axustes do curso

Expandir todo

▼ Xeral

Nome completo do curso

Nome abreviado do curso

Categoría de cursos

Visibilidade do curso  (2)

Data de inicio do curso

Data de remate do curso        Activar

Número ID do curso

> Descrición

> Formato do curso

> Aparencia

> Ficheiros e envíos

> Seguimento de completado

> Grupos

> Renomeado de roles

(3)

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con 🔴

O alumnado matriculado nas materias de cursos pasados pode seguir accedendo ás aulas. Para evitalo unicamente debe ocultalas. O PDI seguirá tendo acceso aínda que a aula ou os contidos estean ocultos.

## Preguntas frecuentes

A continuación preséntanse as respostas a algunhas das preguntas máis frecuentes:

**P. Como distingo as aulas dos diferentes anos académicos?**

R. As aulas están etiquetadas cun texto que inclúe o ano académico.

**P. Está a miña aula activa tras restaurar os contidos?**

R. Non. Debe facela visible para o alumnado no momento que o desexe. Nesta guía amósase como facelo.

**P. Canto tempo estarán accesibles as aulas de cursos pasados?**

R. O Campus Virtual permite o acceso directo a tres anos académicos, isto é, o curso actual e os dous inmediatamente anteriores.

**P. Pode o alumnado acceder ás materias de cursos pasados?**

R. Si. O alumnado matriculado nas materias de cursos pasados segue tendo acceso aos contidos. Para evitalo unicamente é necesario ocultar a aula virtual correspondente. Nesta guía amósase como facelo. O PDI seguirá tendo acceso aínda que a aula ou os contidos estean ocultos.

**P. Hai algún límite no tamaño dos ficheiros de copia de seguranza?**

R. O tamaño máximo dos ficheiros permitidos no Campus Virtual é de 500MB por ficheiro.

**P. Non teño acceso a unha materia en particular.**

R. O Campus Virtual recolle automaticamente a información das bases de datos de POD e Matrícula para a maior parte das titulacións e cursos da USC. Non é necesario realizar ningún trámite adicional para ter acceso ao Campus Virtual. No caso de detectar incongruencias comprobarase en primeiro lugar que os datos recollidos na Secretaría Virtual do PDI sexan correctos. Se efectivamente existe un problema co Campus Virtual, contactarase co Centro de Atención a Usuarios ([cau@usc.es](mailto:cau@usc.es)).

**P. Necesito máis información sobre o uso do Campus Virtual.**

R. Na sección "[Recursos para a docencia](#)" están dispoñibles titoriais, vídeos e outro material de apoio no uso do Campus Virtual así como outras ferramentas relacionadas.

**P. Teño un problema ou unha dúbida que non aparece neste listado.**

R. Se se trata dun problema técnico debe contactarse co Centro de Atención a Usuarios ([cau@usc.es](mailto:cau@usc.es)). Do contrario, pode contactarse directamente co Centro de Formación de Persoal ([ceta@usc.es](mailto:ceta@usc.es))



---

**Centro de Formación de Persoal**  
Agosto de 2023

---

[www.usc.gal/gl/servizos/unidades/centro-formacion-persoal](http://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/centro-formacion-persoal)